

Unha semblanza de Eduardo Blanco-Amor dende o seu epistolario.*

Luis Pérez Rodríguez

Estase esquecendo inxustamente, entre tantos aniversarios, a figura de Eduardo Blanco-Amor. Agora, que se cumpriu unha década do seu pasamento, cómpre traelo desde o “umbral” do seu “ceo” ás circunstancias concretas do noso país, pola vixencia da súa mensaxe.

Eduardo, que se gababa de ter nacido co século XX- de certo naceu o 13 de setembro do 1897- simboliza unha viaxe arredor de si mesmo, co pensamento posto en Galicia.

A súa obra supón un exemplo valioso para os que queremos unha Galicia moderna, pois unha das súas teimas foi que saíra de si mesma e dera a coñecer o seu ser a propios e alleos.

Tamén, cando se vai celebrar o sonado *Quinto Centenario* o seu pensamento recobra actualidade por canto soubo apreixar o tema hispanoamericano, co seu ollo de vidro, amplo e autodidacta, con aportacións orixinais que iría baleirando nos máis prestixiosos periódicos e revistas de América e España.

A información que nos proporciona o seu epistolario é unha canle aberta de coñecementos sobre a vida e maila obra do auto¹: por ela corre unha fonda amizade (vexamos as cartas de R. Suárez Picallo), información política nos anos cruciais da

*. O presente traballo foi lido como ponencia no *II Congreso de Estudios Galegos*, celebrado na Brown University, Providence, Rhode Island, EE.UU, nos días 10-12 de Novembro de 1988, e vai agora lixeiramente reformado para poder incluír nel algún dos textos (ou fragmentos escolleitos) das cartas, que permanecían inéditos e que serven de apoio para a argumentación que se manexa nesta chamada reivindicativa da atención que merece o grande escritor ourensán. Así mesmo, cómpre advertir que se trata do adianto dun traballo en preparación, moito máis extenso e elaborado, sobre do epistolario completo de Blanco-Amor, no que se incluírán por enteiro os textos das cartas.

1. Desde estas páxinas quixera agradecer á Deputación Provincial de Ourense, que adquiriu a biblioteca de E. Blanco-Amor, o terme facilitado o acceso á maior parte desta información que serviu para o meu traballo, así como á amabilidade das súas bibliotecarias Anxeles Fernández Pérez e Isabel Seoane Encinas e á daqueles amigos de Eduardo de aquí e alén mar, que me remitiron parte da súa correspondencia. De non mediar outra indicación, as cartas ou fragmentos que imos reproducir poden consultarse no epistolario de Blanco-Amor, catalogado na Biblioteca daquela institución.

guerra civil (cartas de R. Fernández Mato, J. Zugazagoitia, ministro da Gobernación, etc.), literaria (Alone-Hernán Díez Arrieta, prestixioso crítico literario chileno, Menéndez Campos, Revistas, Editoriais, etc.).

O noso autor é xa unha promesa da nova poesía cando emigra á Arxentina en 1919, segundo a opinión de Antonio Rey Soto²:

Señor Don Eduardo María³

Muy distinguido Señor mío:

Las composiciones que ha tenido la amabilidad de enviarme no sólo me parecen muy bien sino que las juzgo dignas, en toda poesía, de la pública admiración. Si son, como Vd. dice, de un joven desconocido, no me sorprendería nada que fuesen nuncios del primer poeta español futuro.

Detrás de esos alados renglones hay muchas lecturas, poderosa introspección, gusto depurado y, sobre todo, una graciosa y atrevida agilidad de concepción y desarrollo de imágenes (...) No conozco nada tan lleno de frescura y de aroma entre los principiantes.

Salude V. en mi nombre con todo afecto y admiración al nuevo poeta.

Por hacérmelo conocer le queda a V. muy agradecido y tiene mucho gusto en saludarle su seguro servidor.

Antonio Rey Soto
Ourense, 30-1-1919.

Atrás deixaba aquel Ourense -a cidade de A Auria da súa narrativa- criadeiro de ideas e proxectos galeguistas: Risco, Cuevillas, Otero, Losada. Cara adiante, no seu fardel de emigrante, leva a ilusión das Américas. Nada máis chegar, xa se pon en contacto con Risco quen, nas súas cartas a Blanco-Amor, está entusiasmado en crear a civilización galega. Confía nel como valedor da cultura galega en América, pois “está inclinado ás nosas ideas” -di en carta de 27 de Febreiro do ano 1920⁴. Risco irá publicando nas revistas *Céltiga* e *Galicia*, por mediación de Eduardo, a súa *Teoría do Nacionalismo Galego*, *Prosas Galeguistas*, *O Sentimento da Terra na Raza*, *Política do Noso tempo*, etc. Blanco-Amor, pola súa conta, recibe información de Risco sobre a situación política e social de Galicia, as novas tendencias literarias (coméntalle humoristicamente que a *Pipa de Kif*, de Valle-Inclán, “son brincadeiras de vello” -carta de 1-Xullo-1922), aléntao cara a afirmación idiomática: “o idioma é esencial (...) é a pedra de toque” -di en carta de comezos do 1923.

2. O maxisterio de Antonio Rey Soto sería moi proveitoso para Eduardo, quen posteriormente lle seguirá enviando os seus libros para sometelos á súa consideración crítica, sempre eloxiosa cara o noso escritor (Cf. Carpeta “Rey Soto”, Biblioteca “Blanco-Amor”, Deputación Provincial de Ourense: cartas do 6-4-29 e 15-10-48. Nelas, valóranse moi positivamente *Romances galegos* e *La Catedral y el niño*).

3. Sen dúbida, un erro de A. Rey Soto, pois na Acta de bautismo e de nacemento o nome que consta é Eduardo Modesto.

4. V. F. Espino-Domarco, “Correspondencia Risco-Blanco-Amor”, *Boletín Auriense*, t. XIV-XV, Ourense, 1986.

Cuevillas pídelle axuda económica desde América para a fundación dun Museo Etnográfico galego. Isto é: Blanco-Amor conta nos plans da Xeración Nós, en especial do grupo de Ourense, para o proxecto galeguista. Pola súa banda, Eduardo amplía os contactos epistolares en España: Correa Calderón, R. Fernández Mato, Pío Baroja, etc.

Despois dunha curta viaxe a Galicia en 1928, coa que renova a saudade, a correspondencia epistolar describe a un Blanco-Amor sempre atento ó acontecer galego e á necesidade de dalo a coñecer en América. Será Paco Luis Bernárdez⁵ quen lle recoñeza o mérito de ter sido o primeiro en difundir nos medios arxentinos a cultura galega:

Bôs Aires, Domingo de Pascua, 1926.

Querido Eduardo: Lin o seu fermoso artigo na *Nación* encol da poesía galega. Doulle os meus parabéns. ¡Non sabe Vde. con que garuleiro repinicar de esprito acollo eu canto tenda a crecer na miña terra o coñecimento das cousas de Galicia!. Deica agora todo tiña sido galeguismo de xantares e de veladas (?) literario-musicales (...).

Como recoñecemento a este labor, tributaránlle unha fermosa homenaxe os galegos de Buenos Aires, á que se suman os amigos de tódalas partes: Rey Soto, Alfonso Reyes, V. García Martí⁶, etc.

Os contactos con Galicia son numerosos. Otero Pedrayo solicita do noso autor colaboracións para a revista *Nós* e dálle conta dos traballos do Seminario de Estudos Galegos⁷. Alvaro de las Casas transmítelle o seu nomeamento como representante da Asociación de Escritores Galegos na Arxentina⁸. José Calviño Domínguez fállalle con fervor do rexurdir de Galicia e con entusiasmo da figura de Santiago Casares, vendo no noso autor, unha vez máis, ó portavoz do galeguismo en América⁹.

5. Francisco Luís Bernárdez, unha das primeiras figuras que triunfou desde as páxinas das revistas *Martín Fierro*, *Inicial e Proa*, foi un ilustre poeta e periodista arxentino. Fillo de pais galegos, o contacto coa terra dos seus antepasados na infancia e a lectura da poesía galego-portuguesa dos Cancioneiros levaríao a ser un dos máis vivos defensores da cultura galega en Buenos Aires.

6. Victoriano García Martí, avogado, autor de *Una punta de Europa*, libro comentado por Blanco-Amor en *La Nación*, de Buenos Aires. Como era habitual no noso autor respecto dos amigos, enviaríalle os seus libros adicados (*La Catedral y el niño*, *Las Farsas*, etc.) para recibir o seu xuízo crítico -ver cartas de 3-12-1951, 5-Agosto-1955 e 25-Maio-1956.

7. Membrete: El Catedrático de Geografía e Historia del Instituto Nacional de 2ª Enseñanza. Encabezamento: Orense. Particular Sr. D. Eduardo Blanco-Amor, Buenos Aires.

Meu admirado amigo e irmán: Recibín a súa garimosa c'as_boas e variadas novas, mais por causa da xuntanza e traballos do Seminario en Melide non puíden respondela deseguida. Agardamos com'auga no Maio os seus traballos para *Nós* (...)

8. Membrete: Instituto Local de Segunda Enseñanza. Noya (Coruña) Profesorado. Encabezamento: Sr. D. Eduardo Blanco-Amor, Buenos Aires

Querido amigo: Fácilmente te imaginarás la satisfacción que me proporcionó tu amable carta, pues me da coyuntura para felicitarte directamente por tu brillantísima actuación en la Argentina y especialmente por el enorme interés y valentía sin igual que imprimes al semanario *Galicia* (...). Tengo la satisfacción de enviarte el nombramiento de Representante de la Asociación de Escritores Gallegos en la Argentina. Enhorabuena (...).

Noya-27 de Febrero de 1931

Alvaro de las Casas.

9. Membrete: José Calviño Domínguez. Licenciado en Derecho Procurador de los Tribunales. Encabezamento: La Coruña a 23 de Enero de 1931

Era o ano 1931 e Blanco-Amor, por outra parte, tiña información de primeira man na correspondencia con Suárez Picallo, deputado a Cortes por A Coruña. Emigrante como el, é defensor destes mesmos intereses no Parlamento Español. Coméntalle a situación enredada de Galicia, o traballo político agotador:

El Diputado a Cortes por Coruña.
Sr. Eduardo Blanco-Amor
Bs. Aires.

(...) La situación política de Galicia sigue enredada y mucho. El bloque formado antes de la República, se deshace. Esto dará lugar a que las fuerzas galleguistas se clarifiquen y se unan con fuertes aportes de otras corrientes. Producido el debate constitucional sobre las autonomías, vendrá el período de creación política de nuestra tierra y se producirá el fenómeno de selección que siempre se produce en política. Para entonces, me reservo volver a tratar del tema contigo y con nuestros compañeros de ahí, que son los que más valen y los que mejor ven. *Galicia* es hoy el más luminoso faro orientador de los caminos gallegos (...)

Madrid, Congreso de los Diputados, Agosto-24-1931.

Ramón.

El Diputado a Cortes por Coruña
Madrid, 6 de Setiembre/31

Mi querido Eduardo:

Poco después de echar al correo una carta dirigida a ti, recibo una tuya terriblemente amarga. Tienes parte de razón, pero yo quiero convencerte de como no hay ingratitud ni de parte mía, ni de parte de nadie de aquí. Es que nunca podrás figurarte que género de vida me llevo yo y nos llevamos todos. La República vino demasiado pronto para Galicia y toda la ingente tarea que hay que realizar cae sobre los Diputados, desde la organización de la Autonomía hasta los pleitos de los Ayuntamientos.

Los núcleos políticos están virtualmente disueltos esperando la clarificación del camino con la aplicación de la Autonomía. Yo recibo diariamente 50 cartas que debo contestar. Cada una supone una gestión o un ruego. Formo parte de la Comisión de Trabajo de la Ponencia encargada de aplicar la Autonomía y de la Comisión de Reforma Agraria. En Galicia se inició la campaña pro Estatuto y todos piden a los Diputados. Agrega a esto que la mayoría de los Diputados no saben un pito de política y que otros no saben

Sr. D. Eduardo Blanco-Amor:

Mi querido amigo: Esta carta te la entregará Gumersindo López Iglesias, Doctor en Medicina y un gran propagandista de la ORGA.

Recibo *Galicia* y sé que eres el Director (...). Te envío estas notas que quieren ser una especie de biografía de nuestro admirable Santiago Casares Quiroga (...). Tú sabes muy bien que en Galicia andamos muy mal de hombres representativos (...). Ayúdame, por Dios o por el Demonio, en esta empresa de airear su nombre (...).

Pepe

más que hallar dificultades. Es terrible. Ya tuve varias agarradas con Novoa Santos, con Tenreiro y con otros que creen que todo se arregla con ir a las sesiones (...).

Ramón.

Por momentos, este orador popular que é R. Suárez Picallo comparte humorísticamente a situación política co amigo Eduardo, á vez que lle confesa sentirse afogado na hipocrisía da política:

El Diputado a Cortes por A Cruña.
Palacio del Congreso, Xaneiro de 1932.

¡Toma!. Pra que te enteres que non somentes ti eres fino e diplomático. En canto a papel é millor o teu; pero, en troques, o tipo de letra hai que ver este. ¡Tan feituco e tan claro! E ti que coidabas, filliño. N'esto de cumplidos, este Madrí é único. Até nos discursos parlamentarios rezuma esa finura: “mi ilustre amigo, el diputado tal; mi eminente amigo el ministro cual; mi admirado maestro (isto dínllo todos a Ortega e mais a Unamuno), etc.”. E logo, na mesa do café poñen verdes ao “ilustre”, ao “eminente” e chámanlle camelos aos “admirados”. En pleno dominio da farsa e da hipocresía, España non ten remedio. A nosa franqueza, ruda e limpa, choca; eu non me afago; eu afógome (...)

Ramón.

Suárez Picallo pídelles a Blanco-Amor apoio para a súa causa, desde a revista *Galicia*, pois a súa voz e maila de Antón Ríos é a dos emigrantes e, se lles falta a súa axuda, terían que voltar:

El Diputado a Cortes por La Coruña.
Madrid, 20 de Mayo de 1932.
Sr. Eduardo Blanco-Amor. Bs. Aires.

(...) De política aquí vamos tirando. Defendiendo el pabellón. ¿Verdad que no soy de los peores?. En cuanto a los mítines, maravillosos. Ovaciones cerradas como en Lugo, Mugardos y el Grove. O rechufas estrepitosas como en Betanzos, foco del caciquismo de mi tierra mariñana. Nada de términos medios. Mi condición de “americano” que “chegou e encheu” frente a miles que querían “encher” y la circunstancia de ser el Diputado que tiene más intervenciones sobre cosas gallegas, agregado a que de los “chapuzones” de ahí llegó hasta aquí algún barro, me hacen el centro de las más feroces pasiones que se acentúan a medida que estas Cortes tienden a su fin y se acerca la posibilidad de nuevas elecciones. Va a ser una lucha terrible en la que vuestra ayuda es decisiva. Por esto, insisto ante las puertas de la amistad: *Galicia* me hace falta. Para mi no hay más que dos caminos: la reelección o la emigración, otra vez convertido en un “ex”.

Risco, sen dúbida, indo máis alá do alcance das súas formulacións nacionalistas, sostén a conveniencia de apoiar a *Fouce* -órgano da radical Sociedade Nacionalista *Pondal*-, ó mesmo tempo que puntualiza algunhas ideas súas

aparecidas en *Galicia* e o pon ó día con relación ós distintos grupos galeguistas¹⁰.

Eduardo Blanco-Amor volta a Galicia en 1933. Morrera súa nai, feito que o conmove fondamente. A correspondencia destes anos vai en varias direccións: como corresponsal de *La Nación* en España, envía aquelas crónicas viaxeiras e puntuais sobre temas de España e Galicia; intervén na vida política galega co seu labor periodístico; realiza entrevistas a personalidades políticas; é redactor xefe da revista *Ciudad*, en Madrid; dá conferencias maxistras, como a pronunciada no Centro Galego de Barcelona (“Plástica e espírito da paisaxe galega”); proxecta emitir para América, por radio, conferencias de españois ilustres: Ortega, Salvador de Madariaga, etc.

Pero Eduardo era un home de acción. Sentíase encollido na realidade galega. En carta a Suárez Picallo, do 28 de marzo de 1934, queíxase amargamente de que lle chamen galego por libre, polo delito de non estar encardinado en capeliñas políticas. El non era un tráfuga, como moitos, pois vivía do seu traballo e as súas cobizas estaban postas só na defensa dun galeguismo limpo, sen enlodamentos e sempre aberto:

(...) Eu revólvome indignado contra todo eso. A Galicia nova xa non é eso. E a Galicia que debemos concebir como posibel non ten que ser esa, non pode ser esa. ¿Que é esa estupidez de chamarme “galeguista por libre”? Galeguistas por libre somos todos os da Federación, os que fan Galicia-nada hai igual en todo o xornalismo galeguista de Galicia habido e por haber- os que xuntan cartos para a obra (...); os que dimos e damos e daremos a nosa vida a unha causa sin agardar outra compensación que a do noso espírito, ledo no degaro da obra cumprida (...). Si o Partido Galeguista empéñase pola obra dos seus verdadeiros oficiais en trocarme d’amigo en nemigo, terame trocado pronto. E a min non se me poderá chamar tráfuga porque non veño de ningún outro nin políticamente irei para outro; nin señorito, pois vivo do meu traballo (...); nin cobizoso, porque a miña vida espíritoal é a historia d’un desintrés sin paralelo (...). Xa estou canso de memeces e de que s’estea negando o meu galeguismo a cada paso, todo porque eiquí e aló me neguei e me nego en figurar en agrupacións políticas de capillías, de localismos cativos, de indicisións, de reviravoltas, de medios xestos e de fetiches con pés de barro e miolos cariados por pequenas pasións. Ou se fai un galeguismo grande, optimista, mozo, lírico, imprudente, agresivo e aberto ou eu continuarei a denunciálo como unha cousa xiada, triste, por veces cursi, por veces solene e casi decote miudo, confuso, avolto i-enlamado de confusións, que é o que é hoxe.

Cómpre salientar este rasgo do seu carácter: a liberdade de movementos na defensa das súas ideas. Custoulle máis dunha incompreensión, pero explica moi ben a súa traxectoria honrada que lle impediu triunfar en América e ser marxinado á volta en Galicia. Por iso, tamén era animado pola Federación de Sociedades Galegas a continuar de Director do seu periódico *Galicia*, pois hai un sector que quere botar man del, acusándoo de non pertencer ó Partido Galeguista.

Blanco-Amor embarca para América nos primeiros meses de 1936, co horizonte cargado de presaxios. Será Suárez Picallo, unha vez máis, quen o teña informado ó fío dos acontecementos, vistos polo noso deputado con intención popular e co corazón posto en Galicia e nos galegos de América.

O alzamento dos militares aborta o triunfo do Frente Popular. A guerra está na rúa. Castelao, Suárez Picallo e outros deputados galegos quedan atrapados en Madrid. As novas que chegan de Galicia son arrepiantes: Antón Suárez Picallo é un dos asasinados. O pranto do irmán é desolador:

Barcelona, 25 de Diciembre de 1936

Mi querido Eduardo: Perdona que no te escribiese antes. Desde que salí de Madrid -10 de Noviembre-, poco tiempo tuve disponible. Recorrí los frentes de Aragón y estuve en Cartagena, visitando a los gallegos que los hay en todas partes, especialmente aquí; pues sólo guardias de asalto son unos 400. Te escribo hoy con el alma deshecha, al tener la confirmación del asesinato de mi hermano Antón. *El Socialista* publicó la lista publicada en Galicia con un férvido elogio para vuestro periódico. Pero yo aún mantenía la ilusión de que mi hermano estuviese vivo. Hoy ya no me cabe duda. Nuestro Antón, mi gran camarada, mi gran auxiliar, mi mejor amigo, mi inolvidable animador, fue asesinado a culatazos. Apareció con todas las costillas rotas y la cabeza deshecha. ¡Aquella cabeza repleta de ideas generosas, de nobles pensamientos, de ilusiones de futuro venturoso para nuestra patria, fue destrozada por los asesinos de Galicia y de España!. Pocos como tú -quizá nadie- sabe cómo veneraba yo a mi hermano. ¡Lo quería más que a la luz de mis ojos! (...).

Suárez Picallo.

Cóntalle as novas sobre a situación de Galicia e como con Castelao está a organizar as milicias galegas en Madrid:

(...) Lo de Galicia nos tuvo a todos angustiados. Esperamos ahora a tener noticias. Allí no había armas. Ni había unidad de acción. Cuatro Gobernadores, cada uno con su idea y “sus puntos de vista” creyeron en la palabra de honor de los militares y Galicia cayó. Hubo lucha heroica en los pueblos y en las ciudades (...). Aquel mi gran Antón sé que luchó en las calles de Coruña al frente de los de Sada, Bergondo, Cambre y Oleiros. Nosotros aquí impotentes, aislados (...) hemos organizado una milicia gallega. Hay de todo, hasta segadores que forman un grupo de choque que lleva el nombre de Rosalía. La misión principal es entrar en Galicia como sea (...) ¹¹.

Das cartas de Castelao sacamos unha primeira impresión optimista da guerra, confiando no triunfo da República, e unha crítica tópica a Castela, intransixente e incapaz de renovación:

Sr. D. Eduardo Blanco-Amor:

Meu querido irmán: Para ti e para tódolos galegos que sofren con nós as angurias desta guerra van as miñas maus -afnda limpas- para estreitar as

11. Membrete: El Diputado a Cortes por La Coruña. Encabezamento: Madrid, 17 de Agosto de 1936.

túas. Estamos arredados da nosa Terra, onde a canalla uniformada masacrou a fror da nova Galiza; máis o día da venganza chegará axiña e o noso peito será un seixo para resistir as vellas sensibilidades. O sangue, o lume e o ferro desta guerra abrirán, purificarán e vivificarán un mundo mellor. Temos fé neste parto sanguiniento e dooroso. O destino, a Providencia, a Sorte ou Deus está da nosa parte. Ese que lle pon o rabo ás cereixas protexe ao pobo hespañol. A guerra está gañada.

Vede como esta guerra é a derradeira labazada da intransixencia, ou soberbia, da estupidez de Castela; porque Castela é incapaz de renovación.

Axudádenos como poidades. Necesitamos, agora máis que nunca, a vosa axuda. Por Galiza e po-la República.

Voso, Castelao.

A visión de Suárez Picallo, estremecido polos acontecementos familiares, é de derrotismo. Só ve unha esperanza na emigración. América debe pórse en pé por Galicia. Os emigrantes, unidos, terán que reconstruíla. E, para iso, a persoa que ten que mobilizar a sentimentalidade dos galegos non é outra que de Eduardo Blanco-Amor.

Mentres, as cartas do noso autor son índice dunha actividade febril: diplomacia -Vicecónsul en Buenos Aires e Cónsul en Mendoza-, periodismo político -desde o periódico *Galicia* da Federación de Sociedades Galegas-, conferencias, manifestacións republicanas, peticións ó Goberno da República para xestionar o traslado de familiares de emigrantes, etc.

Van chegando os primeiros exiliados: Basilio Alvarez, aquel crego de Beiro, a voz dos labregos e fundador de *La Zarpa*, está xa en Buenos Aires. Felicita a Blanco-Amor polo seu nomeamento de Vicecónsul, pero axiña prosegue a súa rota do exilio cara a Cuba:

Basilio Alvarez. Abogado. Alsina 711, Buenos Aires. 28 Agosto de 1937.

Sr. D. Eduardo Blanco-Amor

Mi querido y admirado Eduardo: No me sorprendió la noticia. La esperaba hace cuatro meses. A decir verdad, lo que me extrañaba era la tardanza. Sin embargo, aunque tarde, no he de ocultarte que con el viceconsulado tuyo se me alegraron las paparillas. Que pronto te vea de embajador, pues la República y todos los que te conocemos no ignoramos que ejerces esa jerarquía y esa plenipotencia en las letras de España. Un cordial abrazo. Basilio.

Basilio Alvarez. Abogado. Alsina 711. Buenos Aires. 22 de Noviembre de 1937.

Querido Eduardo: Parto mañana para Cuba, pero no a la francesa, por lo que a ti toca. Quiero apretar mi alma contra la tuya, en este momento de saltar al Pacífico. Si muero por allá sólo será de asfixia, que es lo que me pasaba aquí, que me estaba muriendo a chorros. Voy muy agradecido a ti por lo mucho que has hecho por mi en la Argentina.

Hasta Orense, que allí estaremos dentro de un año, después de haberle partido el corazón a Franco.

Un cordialísimo abrazo.

Basilio.

O fragor da loita en España élle transmitido tamén por vía diplomática desde a Presidencia do Goberno da República. As felicitacións polo seu labor real e propagandístico chéganlle de tódalas partes: Margarita Xirgú desde Chile, J. Zugazagoitia desde o Ministerio da Gobernación, etc. Desta correspondencia, así como da de tantos galegos emigrantes e exiliados que loitaban a prol da causa republicana, merecerían escolmarse algunhas páxinas heroicas.

Pérdese a guerra. Comeza a longa noite do exilio. Castelao e Suárez Picallo parten para Nova Iorque, pero con destinos diferentes: Buenos Aires e Santo Domingo, respectivamente.

As cartas de Suárez Picallo son patéticas. Segue a perder os seus seres queridos: morren os seus irmáns -Leonardo en Montevideo e Diego en USA- e morre seu pai. Para máis, recibe ferintes e acedas críticas de certos amigos de Buenos Aires, acusándoo de traidor. O rexime franquista pide a súa extradición. Ten que fuxir, embarcando cara a Chile, con pasaporte semioficial. Suárez Picallo acode, desvalido, á súa vella e fonda amizade:

La Nación.

Ciudad Trujillo. República Dominicana, Febrero 27 de 1940.

Sr. Dn. Eduardo Blanco-Amor. Buenos Aires.

Querido Eduardo: un día angustioso de tu vida, cuando tu madre estaba muriendo, me hiciste un encargo. Lo cumplí denodadamente. Poco después, cuando tu madre se fue y quedaste solo, te llevé a mi hogar. Quería que el calor de los míos mitigase, en parte, tu dolor. No sé si lo he logrado. Pero esa fue la intención. Pues bien, yo me hallo hoy igual que tú entonces. Solo, sin tener a quien decir todo el dolor de mi alma. Hace unos seis días, Meilán, de Montevideo, me dice que ha muerto mi hermano Leonardo. El bueno, el querido, el discreto Leonardo. Ocho días antes me escribieron de Filadelfia, diciéndome que la viuda de mi hermano Diego, muerto en Filadelfia en Septiembre de 1938, desapareció dejando abandonados a mis sobrinos, Eduardo de 10 años y Teresita de 6, dos preciosidades. Con el ministro americano aquí, por recomendación de una alta personalidad, logré que mis sobrinos entren en el *Girard College* de Filadelfia, el mejor de los Estados Unidos (...). Ayer recibo carta de mi hermana María diciéndome que mi padre ha muerto de un síncope cardíaco el 4 de Enero. ¡Santo Dios! Como ves, imagínate cómo estoy. ¡Ayúdame! ¡Escríbeme! No tengo a quien hablarle en el mundo. Por si todo esto fuese poco, hace unos días recibí una carta de Cubeiro, que después de ti es el amigo que más quiero, injuriosa, injusta, indigna de él. ¡Va a oírme! (...). ¿Pues no me dice que soy un vendido al fascismo?

Hace un mes llegó aquí una requisitoria del Gobierno Español pidiendo la extradición de 123 españoles, en cuyo número 2 está mi nombre (...). ¡Y ese

imbécil de Cubeiro me dice que debía haberme quedado con Franco!
(...)

Ramón.

Nos anos corenta, a correspondencia de Eduardo está dirixida fundamentalmente ós exiliados republicanos e galeguistas, ós amigos de Galicia, a múltiples Institucións culturais hispanoamericanas e a periódicos e revistas de Arxentina, Venezuela e Montevideo. *La Nación* publica os seus Romances folclóricos. As Universidades de Montevideo, Chile, Valparaíso, Concepción, Nacional do Litoral, etc., contrátano para dictar Cursos. Academias e Ateneos son outros foros nos que Blanco-Amor exhibe a súa oratoria. Participa nos ambientes literarios arxentinos, nos que destacamos o de Dalila Saslavsky de Vergara del Carril¹², quen soubo acoller e agarimar a J. Luis Borges e a unha variada heterodoxia intelectual.

As súas obras ábrense a novas posibilidades de expresión: Jean Verger traduce e musica algún dos seus poemas, para seren cantados polas sopranos Bidu Sayão e Anne Brow e pola concertista Gladys Swarthout. Os seus libros (*En soledad amena, La Catedral y el niño, Castelao prosista, Poemas e Prosa de Lamas Carvajal*, etc.) reciben cartas de eloxio de Rey Soto, Alfonso Reyes, María Casares, Américo Castro, etc. Eran os anos dun Blanco-Amor triunfante en América.

Como republicano solidario firma manifestos con Alejandro Casona, Jacinto Grau, Rafael Alberti e outros intelectuais do exilio español. Contacta con Luis Cernuda en Londres e outros poetas españois na procura de datos sobre as súas poéticas. Amplía a correspondencia con alumnos dos seus Cursos universitarios. Destacamos a Enrique Campos Menéndez, Deputado conservador e máis tarde Académico da Lingua en Chile, de significada actividade política e diplomática¹³.

A correspondencia con J. Mora Guarnido, desde Montevideo, lémbrelle as primeiras andaduras xuvenís de Lorca en Fuentevaqueros, cargadas de anécdotas e que, pola súa transcendencia literaria e humana, reproducimos longamente:

J. Mora Guarnido.

Montevideo, Martes 28 de Octubre de 1941

(...) De Federico yo he escrito muy poco y siempre obligado por alguna circunstancia. Me entristece mucho el hacerlo. Era demasiada satisfacción para mi aquel caudal de cosas geniales que fui el primero en conocer y

12. Curioso personaxe, xudea e da alta burguesía arxentina, que encabezaba, entre outras Institucións, o Comité contra el Racismo y Antisemitismo en La Argentina, ante o que Blanco-Amor, na praza pública, pronunciara aquela famosa conferencia contra da falsa hispanidade ó servicio do fascismo.

13. No seu discurso de ingreso na Academia da Lingua de Chile lembra a Blanco-Amor como o seu mestre e adícalle unha das páxinas máis eloxiosas. Eduardo exerceu nel un longo maxisterio como corrector do seu estilo e os seus consellos eran recibidos sempre con solicitude por Campos Menéndez. A relación cos Menéndez-Brow -grandes terratenentes e xente de empresa na Arxentina e Chile- comezara na Arxentina e fora de especial relevo na Editorial EMECE, na que tiveron tamén un protagonismo dirixente os galegos A. de las Casas, Luís Seoane e A. Cuadrado. Co golpe militar contra Allende, esta correspondencia esmoreceu e hoxe Enrique Campos Menéndez é Embaixador de Chile en España.

afirmar públicamente, y cada vez que me pongo a pensar en la enorme injusticia de haber cegado aquella magnífica fuente, me entra una pena enorme, no tanto por lo que ya había hecho sino por lo que se haya llevado en aquel magnífico cerebro inagotable. Yo no sé si te habré contado que gracias a mi consejo se publicaron los dos primeros libros de Federico, aquel primero de prosas *Impresiones y Paisajes* que yo no he vuelto a ver desde que me vine de Granada y el primer *Libro de Poemas*, impreso por Maroto. Don Federico (padre), con aquella desconfiada actitud -tan granadina- contra el niño que escribe versos y tonterías, consideró que yo era el más apto para aconsejarle sobre el valor de la obra de su hijo, pues él estaba dispuesto a facilitar el dinero necesario para las ediciones, siempre que en un previo estudio de la cuestión se le dieran todas las seguridades de que en el "Casino" no le iban a dar bromas pesadas a propósito de los versitos en cuestión (...). Yo no sé si Federico nació en Fuente de los Vaqueros o en Asquerosa -el nombre de este último pueblo no le parecía digno para colocarlo en su biografía y siempre se negó a reconocerlo-; (...) El nombre de Asquerosa es a mi juicio uno de los más bravos ejemplos de lo que puede la reacción popular andaluza contra la cursilería de los intelectuales aldeanos. El pueblo, situado en los límites del Soto de Roma, se fundó probablemente en el siglo pasado (...) y hay en sus llanos contornos gran abundancia de agua -a un latinista de barrio se le ocurrió bautizarlo de "Aqüerossa". Comprenderás que un flamenco de la Vega de Granada no consiente en decir "Aqüerossa" aunque lo maten y de ahí vino una lamentable degeneración en el nombre de uno de los más bellos pueblos de aquellos contornos (...) y el pueblo ha perdido la gracia de ser la cuna de nuestro poeta (...). Y tiene mucho interés conocer el carácter de este pueblo, donde los "García" de Federico eran una institución fundamental, porque estoy seguro de que existe una profunda relación de ambiente entre Federico niño y Asquerosa, el pueblo de los campesinos intelectuales (de los campesinos anarquistas) que dejaban su yunta en las cuadras, se lavaban las manos y se iban a casa de Federico a tocar a Chopin y Behethoven y a discutir a Nische y Kropokine -corrige las ortografías y agrégalas las consonantes que te dé la gana (...). No me acuerdo del nombre de un anarquista muy pintoresco y angelical al que conocí en aquella casa. Aquel buen hombre constituía la pesadilla de los gobernadores civiles de Granada, sobre todo cuando el rey venía a cazar en los cotos del duque de San Pedro, a unos cien kilómetros de Asquerosa (...). Más tarde, el buen hombre, para evitar trabajos inútiles, cuando leía en los periódicos que se acercaba la fecha de la cacería real, se trasladaba a Granada, se presentaba al gobernador y se constituía en prisión espontáneamente. ¡Y este era el hombre más peligroso de toda la Vega granadina!. Cuando vi a Margarita Xirgú representar *La zapatera prodigiosa* y oí a la zapatera aludir entre los pretendientes que había tenido a aquel Emiliano, que entraba en el pueblo con su caballo blanco haciendo caracolear su cola y llamando a las muchachas a las ventanas, no pude contener dos auténticos lagrimones, porque yo había conocido también a aquel magnífico ejemplar de barbarote andaluz, aquel Emiliano, que no tenía miedo ni contención.

Allí en Asquerosa están aún los chopos viejos, los sapos, los lagartos filosóficos, las mariposas, que fueron mínimos amigos de Federico en su

infancia brevísima y cuyas vidas sencillas contemplaba con una ternura genial.

Me cabe una gran responsabilidad en la creación del poeta Capdepón -Isidoro Capdepón Fernández, es su nombre de pila o inventado, da lo mismo. Lo creamos en el “rinconcillo del Café Alameda” y “todos en él pusimos nuestras manos”. Concentramos en él toda la poesía fin de siglo, con sus complicaciones americanas -todo lo vacío, vago y desmedulado de una época sin interés, ripio y ritornelo, pequeño virtuosismo rimado, estupidez en verso. Después de una juventud azarosa en Granada -la biografía me pertenece- Capdepón había tenido que emigrar a América, en donde la nostalgia había despertado en él la vocación poética y luego de adquirir fama y renombre con innumerables composiciones editadas en los diversos países de este continente, había regresado cargado de laureles. Desgraciadamente, la obra de Capdepón, que hicimos y publicamos en algunos periódicos, quedó toda en poder de Manuel Fernández Montesinos, el gran muchacho cuñado de Federico, asesinado unos días antes que él. Sólo recuerdo pequeños trozos: De una “Evocación” a Granada desde las playas americanas, recuerdo este pequeño trozo:

La llorada por Boabdil,
que en las puertas de Badul,
derramó lágrimas mil,
suspirando hacia lo azul...

a lo que seguía una maravillosa serie de consonantes en “ul” y en “il” que era un prodigio de sonoridad. Hizo también Capdepón un soneto salutación al poeta sevillano Juan Antonio de Cavestany, al que le decía:

Amigos fuimos en el Uruguay;
Lustros pasaron desde entonces, ¡Ay!,
Que en acibar trocaron nuestras mieles...
Hoy....(un consonante eu “ura”)
se juntan tu escultura y mi escultura,
frente al carro triunfal de la Cibeles.

Canedo publicó en *La Voz* de Madrid un artículo proponiendo que se nombrase a Capdepón para una vacante que había en la Academia. Yo publiqué entonces en el mismo periódico dos artículos con la “Bibliografía Americana de Capdepón”. Las Editoriales “Cóndor”, “Los Andes”, “Bulbul”, etc., competían en ediciones variadísimas.

Pero no fue este solo personaje el creado. Hicimos también a un compositor sueco que se llamaba Konwergem (...). Hablamos de él, comentamos su obra... y llegamos a conseguir que un crítico musical llegara a felicitarnos al ver que también nosotros habíamos tenido la suerte de tener noticia del genial compositor sueco.

Cuando Federico fue suspendido al examinarse de “Historia de la Lengua Castellana” escribimos al profesor don Eloy Señán una famosa carta en que le felicitamos por haber logrado pasar a la historia por su incomprensión

frente a la figura de un poeta cuya influencia en la Lengua iba a ser mucho mayor que todos los años de cátedra incompetente contados por él. Y no fue esto sólo, sino que con música de un cuplé muy en actualidad (*Gitanillo, mala entraña*), le hicimos un cuplé del que me acuerdo en su totalidad:

Quando a solas en mi cuarto me desvelo,
y contemplo tu suspenso, don Eloy,
tu castigo me subleva, gitanillo,
con lo listo y aplicado que yo soy...
don Eloy,
don Eloy,
yo estoy muerto desde hoy...
¡Qué mala entraña tienes pa mi!
¿Cómo pues ser así?
Yo he leído a Gutierre de Cetina,
a Fernández y González y Berceo,
y conozco los trabajos de Revilla,
y el latín vulgar que hablaba Recaredo...
Don Eloy...,etc.

Este cuplé lo cantamos a coro pocas horas después del suspenso, en la puerta de exámenes (...).

Y nada más. Pero ahora, para terminar, una idea. ¿Qué te parece si hiciéramos en colaboración dos “biografías”, la tuya y la mía, un ser en esencia y dos en la representación. Nadie como nosotros con más derecho, información, capacidad, entusiasmo y obligación (...).

Cordialmente,
Pepe Mora.

Guerra da Cal, desde Brooklyn, USA, revélalle algúns dos aspectos de composición nos *Poemas Galegos* de F. García Lorca:

(...) Sobre los poemas de Federico -los gallegos se entiende- mi intervención fue servirle de diccionario viviente, y -si me es permitido decirlo- poético y discriminativo. Él me decía un verso en castellano y yo lo traducía libremente al gallego, buscando, como es natural, las palabras que a él más pudieran impresionarle por color, sonido y evocación mágica. Si no le gustaba alguna -pura y simplemente en un juicio poético, inmediato- yo le daba otras en opción, y él, augustamente, elegía la que le salía de los cojones líricos. Este es el caso de todas -menos la que compuso en Galicia “Chove en Sant-Iago”. Ahora, yo no sé si él después cambió palabras por otras que halló en tu obra poética. Eso dímelo tú y cuéntame cuál fue tu colaboración. Yo escribía los primeros originales que él después copiaba. Algunos los corregí yo luego. Por eso quizás en los que tú tienes hay cosas en mi letra. Cuéntame, desmenúzame en sus detalles eso que tú llamas la “tenue intriga literaria” que se ha tejido alrededor de esto. Cítame capítulo y versículo de lo que dice ese mendrugo, honesto industrial de las letras, primo político mío y que responde por Díaz-Plaja, (o Plaga

como lo conocen en el ruedo ibérico). Estoy dispuesto a oponer a esa tenebrosa intriga un sólido frente único contigo y Federico¹⁴.

R. Fernández Mato, desde o seu exilio en Cuba, confésalle a súa nostalxia dorida de España.

Por outra parte, as cartas de Castelao e Suárez Picallo deixan ver a súa incorporación á vida americana. Castelao como Presidente da Comisión de Cultura do Centro Ourenzano. Suárez Picallo, desde Chile, ó cargo dunha sección fixa sobre Galicia e España en *La Hora*.

Desde finais dos corenta, a súa actividade creativa valórase de xeito especial en América. Viaxa a Caracas para dirixir a revista *Galicia* do Centro Galego, encargarse das súas emisións radiais e publicar reportaxes. En Buenos Aires, pasa a dirixir a revista *Galicia*, do Centro Galego, que dirixira ata entón Luis Seoane. Crea o Teatro Popular Galego e dá na Universidade de La Plata o famoso “Recital antolóxico da Poesía galega”, coa anovada axuda da xeración dos fillos dos emigrantes. Con *Chile a la vista* é condecorado polo Ministro de Educación dese país coa Orde ó Mérito Bernardo O’Higgins, no alto grao de Comendador.

Pero cando máis está triunfando en América, pensa xa na volta definitiva a Galicia. Así llo expresa en carta a X. Bóveda, F. Fernández del Riego, E. Diosdado, etc. Eponse en contacto cos amigos de Galicia. Risco -a quen segue a enviar os seus escritos para recibir os consellos do mestre- e Cuevillas comunícanlle a súa visión pesimista sobre a realidade galega, aínda que proseguen o seu labor polo rexurdimento do país.

Otero Pedrayo, retirado da súa Cátedra, aconséllao limpar a cinza da beira dos seus libros e non acrecentar a dor da vida coa ironía, pois á xente hai que lle dar esperanza. Cabanillas, coa axuda de Eduardo e Luis Seoane agarda ver imprentada en vida a súa *Obra Completa*, en Buenos Aires¹⁵. Recibe tamén cartas de Celso Emilio Ferreiro, cheas de afecto e aprecio, naquel tempo político e social pobre, escuro e triste. Paz Andrade sente a necesidade de romper o silencio entre os “sedentarizados” en Galicia e os emigrantes, revisar posicións persoais para frear esa deriva cara o debilitamento do diálogo:

(...) Non somentes hai isolamentos inxustificabres antre os “sedentariados” na Galiza e os emigrados. Tamén no interior se deriva ao esmorecemento do diálogo, ao apartamento dos temas sangrantes da existencia galega, ao desorbitamento da miudez literaria, sen verdadeira proieción social (...). Non surden as obras d-intrés vivente e firente destinadas a unha nutrida ringleira de cultivadores, algúns dotados de outa e fértil capacidade criadora (...). O que me anda a inquedar fai tempo é a sospeita de que unha ourentación mais certa, aberta e aitual na promoción da cultura, na ordeazón dos estímulos, na contemplación dos valeiros a encher..., puidera poñernos en camiño de máis longos e maduros froitos¹⁶.

14. Pérez Güerra, New York City, 15 de Diciembre de 1949.

15. A *Obra Completa* remataríase de imprentar o día 12 de Novembro de 1959, ó coidado de Luís Seoane e Eduardo Blanco-Amor, en Ediciones Galicia do Centro Galego. Desgraciadamente, Ramón Cabanillas morrería o 9 do mes de Santos e, por días, nun puido ver cumprido o seu desexo en vida.

16. Membrete: V. Paz Andrade/ Abogado/ Policarpo Sanz, 22, Vigo.

Era o tempo da censura da súa *Esmorga*, que non puido editar Galaxia e tería que publicarse en Buenos Aires, coa xenerosidade da Galicia emigrante, na Editorial Citania, en 1959, baixo a dirección de Luis Seoane e con debuxos de I. Díaz Pardo.

Regresa definitivamente nos anos sesenta. Nun primeiro momento, vemos a un Blanco-Amor anovado -"un milagre do Apóstolo", dicía el con humor-. Así llo expresa a E. Campos Menéndez, pois séntese incorporado plenamente ás actividades galeguistas. Era un espellismo. Pouco a pouco, ese entusiasmo vai tropezando con moitas incompreensións e o noso autor iría caendo nun pesimismo que, fóra dalgunha que outra raiola de optimismo, o acompañaría ata a súa morte. Galicia non sabía apreciar unha vida adicada a servila. Pero fixémonos nalgunhas cartas. Neira Vilas, quen sempre soubo recoñecer os seus méritos, marcha definitivamente para Cuba:

(...) Pero o máis elevado valor galego naquelas terras perante longos anos, neste oficio de escribir, foi Vde. E non me refiro a esas entregas formidables de *Romances*, *Poema en catro tempos*, *Cancioneiro* (pra falar soio de poesía galega) ou *A esmorga* (pra falar soio de prosa galega, neste caso da mellor), amáis da *Catedral*, etc. Falo tamén dese consecuente complemento aitivo que é pronunciar conferencias dinificando o tema de Galicia nos centros culturais arxentinos, informando ós galegos que endexamáis ouviran falar nas súas entidades de temas trascendentes, levando a Galicia ó xornalismo do país e fundando e dirixindo publicacións galegas. En fin, todo elo dito así, de présa (pois inda non mencionei os Cursos de literatura e cultura galega en xeral, e outras múltiples tarefas e iniciativas), como nunha carta pode decirse. Pero moitos sabémolo, pese aos "perversos". E teremos que historialo¹⁷.

Mentres Eduardo ten xa *in mente* a novela *A morte de o mío padre*, a editorial Galaxia publica *Os biosbardos*. Pero a sorte editorial dos seus libros seguía negándoselle: *Los Miedos* será sepultada por orde superior, en palabras súas, e demandada por obscena. O demandante tíñase por un escritor galego e Eduardo non se podía conter: "Este país é unha esterqueira, de cheiro e inmensidade infinita" -escribía a un amigo. A súa *Parranda* (traducción española de *A esmorga*), que tentaba levar ó cine, tropezaba tamén coa censura. Non era de estrañar que se queixara ós máis fieis, pois os seus amigos "millonarios", "empresarios morais do meu regreso" -dicía- tamén lle eran insolidarios: os seus libros apodrecían metodicamente nos baixos dunha botica na que, por causa da humedén, xa se lle destruíra sen remedio o arquivo fotográfico de máis de tres mil diapositivas.

Nos derradeiros anos, entre algunhas colaboracións periodísticas e conferencias, aínda lle quedan resortes creadores para escribir una nova novela:

(...) El repentino nivel crítico en que me ponen los comentarios recientes: A. Tovar, Monleón y R. Mesa, me proponen urgentemente dejar el zascandileo por el siempre inagotable mapa ibérico y ponerme a pensar

17. Habana, 12 de Agosto de 1968/ Xosé Neira Vilas.

seriamente en mis libros, empezando por *Coloquios frente a la casa de Lot* que ya no me deja dormir¹⁸.

(...) Para evitar la marabunta de los catadores de esta Galicia para el tópico y los jugos gástricos, me iré todo agosto a la Hospedería de los Mercedarios, en Poyo (...) Llevo como quehacer los *Dialogos frente a la casa de Lot*. Ya están hechos, casi contrahechos de tanta soba mental, sólo falta escribirlos, como decía el latino de sus comedias (...) ¹⁹.

E volta a reavivar a correspondencia cos vellos amigos. Lorca, no recordo, é estudiado por especialistas como Joseph Velasco, Belamich, Laffranque, I. Ibson, etc., e acoden ó testemuño de Eduardo. E. Campos Menéndez recórdalle, para animalo, os motivos polos que retornou: encontrarse a si mesmo no marco natural de Galicia. O afamado crítico chileno Alone -Hernán Díaz Arrieta- segue coa súa crónica literaria en *El Mercurio*, de Santiago de Chile, comentando, ós seus oitenta anos, *La Catedral y el niño*, *Las buenas maneras*, etc. En carta a un bo amigo, quéixase que no ano 1978 algúns críticos literarios galegos o sigan esquecendo nas súas antoloxías: “¿Segue aquí a política e magoante distinción entre exiliados e emigrantes?. O tempo que outros botaron en agarimar, perfeccionádoa, a súa obra, eu perdino en arrimar unha migalla de conciencia galeguista á boa fe daqueles paisaniños” -dicía-. Era natural e xustificable o seu enfado.

E chegaba así ó final dos seus días, temendo máis a semimorte da opacidade intelectual ou a incapacidade física cá propia morte, que “nen temía nen desexaba”, agardádoa como un bo cabaleiro. Mentres, seguía fiel a dous principios que mantivo sempre: fidelidade a si, á súa voz interior, e preto da xente, sentindo a calor do pobo. O seu recordo provocaba no actor galego Fernando Iglesias, o memorable “Tacholas”, desde Buenos Aires, a afirmación que poderíamos tamén asinar desde Galicia: desde que nos deixaron homes como Luís Seoane, Eduardo Blanco-Amor, etc., xa non quedan galegos con “riñós” para representar a Galicia²⁰.

Luis Pérez Rodríguez
I.B. Salvador de Madariaga
A Coruña

18. Carta dirixida a X. Alfaya, Ourense, 21-9-1976.

19. Id., de 27-VII-1977. Como se pode ver, Blanco-Amor fala de “Coloquios...” ou “Diálogos...”, indistintamente.

20. Bucnos Aires, Junio de 1979. Fernando Iglesias, *Tacholas*, galeguista histórico da nosa emigración, amigo de Castelao, incansable defensor da cultura popular galega entre os emigrantes, actor, director de teatro, coñecido tamén no teatro e cine arxentinos polos moitos papeis representados como consagrado actor.